

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/25-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE REDONDELA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), caramuxo (<i>L.littorea</i>), reloxo (<i>D.exoleta</i>) e longueirón vello (<i>S. Marginatus</i>)
Ambito do plan	Bancos intermareais dende a caseta do Ceboleiro ata a praia de Arealonga (incluída)
Subzonas probables de explotación	Arealonga, Cabanas, Rande (sur), Cedeira, A Portela, A Barra, Cesantes, A Punta do Cabo, Sobreiro, Illa San Simón, Cobreiro e Sotoxusto

Participantes no plan de explotación		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
173	-	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	160,											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de xaneiro a decembro con rotación de bancos											
Modalidade⁽³⁾	A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura	
Especies	A pé (mariscadora/día)
Ameixa babosa	2 kg
Ameixa fina	2 kg
Ameixa xaponesa	10 kg
Ameixa bicuda	1 kg
Berberecho	10 kg
Caramuxo	Establecerase na apertura
Reloxo	5 kg
Longueirón vello	8 kg

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo

Artes a empregar	Sacho, legón, angazo
Puntos de control	Punta do Cabo, A Portela, Arealonga. Rande e Portocedeira e lonxa de Cesantes.
Puntos de venda	Lonxas de Redondela e Vigo.
Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: ámbito do plan												
Especies: ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas: ámbito do plan												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos				X	X	X	X	X	X	X		
Zonas: ámbito do plan												
Especies: berberecho e distintas especies de ameixa.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: ámbito do plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: engorde en parques para repoboación.												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Especies: inclúse o longueirón vello como especie acompañante e accesoria.

Ámbito do plan: Os bancos intermareais da ría de Vigo foron xestionados dende o ano 2000 pola Asociación de confrarías da Ría de Vigo, e anteriormente de xeito conxunto pola O.P.P. 38 actualmente desaparecida, ou a través de plans conxuntos entre esta organización e confrarías. Os plan presentados pola Asociación de Confrarías da Ría de Vigo, indicaban que todas as mariscadoras (excepto as novas incorporacións do ano 2006) podían traballar en tódolos bancos intermareais, xa que "consideraban tódalas zonas como de libre marisqueo para os integrantes do plan". Sen embargo, na práctica cada confraría ou entidade formulaba as propostas de traballo a través da Asociación, e cada colectivo de mariscadoras traballaba nos bancos intermareais situados no ámbito de cada confraría, excepto nas seguintes zonas nas que exercían a actividade mariscadoras de varias entidades:

- Da Ponte de Rande ata o Peirao de San Adrián: en donde están os bancos de Aradoiro e Calera nos que traballan mariscadoras da confraría de Moaña e da Asociación de mariscadoras de Vilaboa.
- De Punta Cabalo á pedra dos Caralletes, nos bancos de O Cunchido e Larache e donde traballan as mariscadoras de Arcade e da Asociación de mariscadoras de Vilaboa.
- Illa dos Ratos, banco traballado polas mariscadoras da confraría de Moaña.

Para o ano 2009 as confrarías que integran (ou integraban) a Asociación de confrarías da Ría de Vigo presentaron individualmente plans de explotación, o que deu lugar a solapamentos entre os diversos plans propostos, excepto neste plan.



Como consecuencia da Resolución do 14 de abril de 2009 do recurso potestativo de reposición o ámbito do plan quedou do seguinte xeito: bancos intermareais dende a Caseta do Ceboleiro ata a praia de Arealonga (incluída). As subzonas de traballo serían: Arelaonga, Cabanas, Rande, Cediera, A Portela, A Barra, Cesantes, a punta do cabo, Sobreiro, illa de San Simón, Cobreiro e Sotoxusto.

Participantes: Despois da ampliación para o ano 2009 de 30 novos permisos, o número total de mariscadoras a pé é de 173. Da relación de participantes que figuran no plan, advírtese que as seguintes persoas non teñen renovado o seu permiso de explotación:

Calendario de extracción: 160 días, de xaneiro a decembre, con rotación de bancos, que deberá ser revisada xunto co biólogo de zona, coa primeira solicitude de apertura.

Non obstante, esta rotación será avaliada en cada solicitude de apertura mensual quedando supeditada ao estado do recurso.

Cotas máximas de captura as cotas máximas propostas consideradas axeitadas, agás para o caso do longueirón vello que se ve reducido a 8 kg/mariscadora/día.

As cotas poderán verse modificadas en función do estado do recurso e dos prezos no mercado.

Con respecto ao **caramuxo**, e tendo en conta que non se explota dende hai anos, será necesario que a entidade presente unha **avaliación biolóxica** deste recurso con anterioridade ao inicio da extracción.

Artes autorizadas: a gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

Acéptase o acotamento de zonas nas que se leva a cabo o cultivo de especies por parte daquelas mariscadoras comprometidas en realizar os traballos necesarios para acadar melloras na produción dos bancos. Calquera petición de sementeira debe indicar as coordenadas cartográficas nas que se pretende establecer o parque de engorde.

Con respecto á rexeneración de zonas improdutivas: non se poder valorar por non concretar o tipo de actuacións e a metodoloxía.

Remisión dos datos de captura: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, seguindo as instrucións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Normas do plan: As normas do plan aparecen no seu apartado VII, no que se recollen as normas de traballo, de funcionamento do punto de control e outras decisións referidas á comercialización.

Os distintos puntos están claramente definidos, prevendo que o incumprimento destas normas poderán sancionarse pola confraría conforme aos seus estatutos e como incumprimento das normas do plan, como unha infracción leve da Lei 8/2004, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia.



Diferenzas entre o plan proposto pola agrupación de mariscadoras e os acordos adoptados por parte do cabido da confraría. Na certificación dos acordos de goberno da confraría faise constar que o cabido aproba o plan proposto pero fai constar o seu descordo nos seguintes puntos que se detallan a continuación e que entenden se deben cambiar:

- “Formas de comercialización: se poderá establecer a venda directa, sempre que conte co coñecemento e a debida autorización da confraría, xa que esta é a responsable de cobrar a mercancía e logo pagar as mariscadoras
- Sobre o funcionamento do punto de control: o responsable do punto de control será o persoal de vixilancia contratado pola confraría. Non é lóxico nin entendible, que sexan as mariscadoras as que fagan unhas labores de vixilancia e control para as que non están preparadas nin autorizadas, a confraría ten dous gardapescas contratados para estas tarefas. Nos puntos de control só participará o persoal administrativo e os gardapescas contratados para tal fin, non mariscadoras, xa que logo cada mariscadoras ten un tope de capturas/día autorizado pola Consellería, polo que non entra dentro da legalidade coller máis cantidade da establecida para logo cederlla a outra.
- Sobre as normas de comercialización: A xunta directiva poderá decidir pechar a extracción ou rebaixar os topes, sempre se informe á confraría e ésta dea a súa aprobación, xa que é a máxima responsable diante de todos os asociados”.

Respecto ao primeiro punto relativo á necesidade de autorización por parte da confraría para facer a **venda directa**. Parece lóxico que a xunta directiva informe á confraría cando decide utilizar o sistema de venda directa para que esta coñeza os termos no que se produce e ratifique a decisión da agrupación. No caso de que a este sistema de venda ofrecese algún tipo de risco distinto ao que é habitualmente asumido pola confraría cando se fai a poxa, que o prezo de venda desfavorecese manifestamente os intereses das mariscadoras....é normal que a confraría non ratifique, nestes casos, a decisión.

Sobre o funcionamento do **punto de control**, e vista a proposta presentada pola agrupación non se observa inconveniente en que se desenvolva segundo aparece reflectido no apartado VII (normas do plan), sen prexuízo de que o punto de control é responsabilidade da confraría como entidade xestora e titular do plan de explotación.

Finalmente, sobre as **normas de comercialización**, situación similar á do primeiro punto, a confraría debe velar polo cumprimento da legalidade e polos intereses dos seus asociados respectando as funcións que teñen encomendadas as agrupacións sectoriais, colaborando con estas na consecución dos seus obxectivos. Polo tanto, nos casos en que as decisións adoptadas pola directiva sexan manifestamente desfavorables para os intereses das mariscadoras ou para a xestión responsable e sostible dos recursos, é lóxico e normal que a confraría non ratifique, nestes casos, a decisión.